

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME Ó CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 01-02

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2001 e o 30 de setembro de 2002.

Artigo 13: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante el na primeira reunión que se convoque ó comeza-lo novo curso académico.

ÍNDICE

1.-	Presentación.....	5
2.-	Funcionamento do Valedor.....	6
3.-	Actuacións.....	7
	3.1.- Intervencións e Mediacións.....	7
	3.2.- Queixas.....	9
4.-	Conclusiones.....	45
5.-	Referencias estatísticas.....	49

1.- PRESENTACIÓN

O presente informe corresponde ó curso académico 2001/2002 e preséntase ó Claustro en cumprimento do artigo 13 do Estatuto do Valedor da Universidade de Santiago de Compostela.

A Lei Orgánica de Universidades ó establecer na disposición adicional decimocuarta que “para velar por el respeto a los derechos y libertades de los profesores, estudiantes y personal de administración y servicios, ante las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios, las Universidades podrán establecer en su estructura organizativa la figura del Defensor Universitario” incorpora a figura ó tecido institucional. Deste xeito o “Valedor do Estudiante e demais membros da Comunidade Universitaria” que a Xunta de Goberno creou no ano 1996 e que con posterioridade acadou carácter estatutario ó incorporarse ós Estatutos da Universidade como Valedor da Comunidade Universitaria, chega á súa total consolidación ó ser incluída na LOU.

Por outra parte o inminente traslado desde as instalacións provisionais que actualmente ocupa ás definitivas na Casa Simeón, contribúen á consolidación da figura do Valedor e reflicten a confianza que a USC ten depositada na súa contribución á mellora da calidade do servizo público que presta.

2.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como se indicou nos anteriores informes mantense unha dobre perspectiva de funcionamento:

- supervisa-la actuación da Universidade co fin de corrixi-las posibles irregularidades, demoras ou silencios e tódolos indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na búsqueda de solucións ós problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto ós Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar dictame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir dictames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

Destacar de novo que a consulta persoal sigue sendo a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os estudantes, se dirixen ó Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recabar información sobre os dereitos, en especial relacionados coa docencia, recollidos no Estatuto do Estudiantado e na Normativa de Avaliación Docente, e do procedemento que teñen que seguir para reclama-lo respecto dos mesmos.

3.- ACTUACIÓNS

3.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ó Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben en solicitudes que teñen presentadas ós órganos de goberno, ou ben en resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

M-01/2002

Escrito asinado por un estudante en representación dunha Asociación de Estudiantes no que din o seguinte:

Que na reunión mantida o luns 8 de xaneiro coa Vicerreitora de Estudiantes, convocada a petición de esta, anunciouse-nos que a equipa reitoral non detería o proceso de investigación da comisión delegada da Xunta de Goberno, que pretende xulgar aos estudantes que realizaron un feche no Claustro. Tamén se nos anunciou a posibilidade de que este ano se nos retiraran as subvencións que o Reitorado concede a asociacións estudantís, por uns supostos destrozos na Universidade dos que non somos responsábeis.

O Sr. secretario xeral da Universidade informou o seguinte:

“A creación da Comisión de investigación, e a súa composición, foi acordada pola Xunta de Goberno da Universidade o día 21 de decembro de 2001, por 56 votos a favor, 1 voto en branco e ningún voto en contra. As atribucións da mesma son investiga-la ocupación da Facultade de Filoloxía por un grupo de persoas entre os días 27 de novembro ata o 6 de decembro de 2001, a ocupación incontestada do despacho rectoral do colexio de San Xerome o día 14 de decembro, e a interrupción da sesión do claustro do día 18 de decembro e os acontecementos posteriores que se produciron nos colexios Maiores San Clemente e Fonseca e nas súas inmediacións. A dita comisión non ten capacidade para a cualificación xurídica dos feitos, nin para imposición de sancións disciplinarias.

Polo que se refire ás subvencións ás asociacións de estudantes o seu outorgamento é competencia da Comisión de Actividades Culturais e Deportivas (delegada da Xunta de Goberno), e a día de hoxe non se ten reunido para a distribución das devanditas subvencións.”

Dado que non está iniciado ningún procedemento que afecte ós dereitos de membros da comunidade universitaria, comunícaselles que non procede a apertura da investigación prevista no artigo 11.5 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

M-02/2002

Solicitude de mediación en nome dunha asociación de estudantes en relación coa publicación do censo electoral.

Na mesma indican que con data 8 de abril de 2002, dentro do prazo establecido no calendario electoral da USC non estaba publicado o censo electoral de estudantes de 1º e 2º ciclo da Facultade.

No informe que lle foi solicitado o Sr. presidente da Comisión Electoral, indica o seguinte:

“1.- Os censos provisionais foron publicados na web da Universidade <http://www.usc.es/elec2002/censo.htm> o día 2 de abril de 2002 encargándose os Decanos e Directores da impresión dos ficheiros correspondentes a cada centro, así como da súa publicación.

2.- Consultado o Decanato da Facultade, infórmanos que os censos foron impresos e publicados no correspondente taboleiro electoral, se ben en algún momento desapareceron tales documentos.

3.- Consideramos que dado que mediou publicación en papel, e ademais foron accesibles tales censos en todo momento a través da web da Universidade non se ten producido ningún prexuízo que menoscabe os dereitos lexítimos dos electores.”

Á vista do exposto recordo a obrigatoriedade do cumprimento estricto das normas que regulan tódolos procesos electorais da USC, e recomendo que se recorde ós Decanos e Directores dos Centros a responsabilidade de facer que se cumbran.

M-03/2002

Mediación solicitada polo Director dun Departamento en relación coa coordinación dunha materia e coa cualificación do exame da mesma na convocatoria de febreiro do presente curso académico.

3.2.- QUEIXAS

Q 0110/01

Queixa presentada por unha estudante en relación co exame dunha materia correspondente á convocatoria de setembro do curso 2000/2001.

A Asesoría Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela informa que por Resolución Rectoral de data 22 de xaneiro de 2002 foi estimado o recurso de revisión formulado e se ordena a realización dun novo exame..

Q 0110/02

Queixa presentada por un estudante en relación coa publicación dos horarios de clases para o curso 2001/02.

Trasládase ó centro recordando a obrigatoriedade de cumprilas normas que regulan a publicidade dos horarios de clases.

Q 0110/03

Queixa presentada por estudantes en relación cos criterios empregados na avaliación e cualificación das Prácticas Tuteladas.

En relación coa mesma enviouse o seguinte escrito ó Sr. vicerrector de Organización Académica e Profesorado:

“Son frecuentes tanto as queixas escritas, como as consultas e entrevistas que solicitan os estudantes en relación coa asignación e a cualificación das Prácticas Tuteladas. Como consecuencia foron solicitados informes e realizadas entrevistas co equipo decanal da Facultade, e aínda que é necesario recoñecer a complexidade do problema e a atención que dende o Decanato se lle dedica ó mesmo, considero necesario recordar a necesidade de continuar mellorando o procedemento, co fin de que a cualificación sexa o máis homoxénea posible, e que os estudantes estean amplamente informados dos criterios de asignación e cualificación.”

Q0110/04

Queixa presentada sobre a información que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ofrece ós estudantes que desexan acceder á mesma, e da exención que aplica ó pago da matrícula nos centros adscritos.

Recibíronse informes do Sr. presidente da Comisión de Garantías da Universidade de A Coruña, do Vicerrectorado de Estudantes da USC, da Escola Universitaria de Enfermería, centro adscrito da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo, do Sr. director de Xestión e Servicios Xerais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo e do Centro de Información e Orientación Estudiantil da USC.

En relación coa devolución das taxas de matrícula nos centros adscritos ós fillos de funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os informes recibidos poñen de manifesto que a Universidade de Santiago de Compostela aplica ós fillos de funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a exención de taxas de matrícula que permite a normativa, e que é a mesma aplicada pola Universidade de A Coruña.

Sobre a información que a USC proporciona ós estudantes que queren acceder á mesma, os órganos responsables comunícanme o seguinte:

O Centro de Orientación e Información Estudiantil informa:

“Con independencia do expresado, paso a informarlle que, dende este servizo, mantense unha liña de colaboración permanente cos centros de ensino medio de Galicia. Nesta liña tivo lugar no mes de xuño do 2001, unha Xornada de información da USC dirixida a orientadoras/es, titoras/es e outros profesores/ras co obxectivo de proporcionarlles a información e os materiais que lles foran de utilidade no seu traballo e que, tamén souberan de primeira man, cal é a oferta da USC, as vantaxes e posibilidades que ofrece.

Os orientadores, titores e alumnos do ensino medio dispoñen, na área de orientación do COIE, do apoio dun Técnico de Orientación que ten como labor a orientación dos alumnos para o acceso á Universidade.

Doutra banda, organizáronse e atendéronse visitas de alumnos de varios centros de ensino medio acompañados dos seus correspondentes titores. Déuselles unha charla informativa sobre as titulacións, universidades, servizos, comedores universitarios, bolsas, etc. e acompañóuselles a visitar os institutos de acuicultura, investigacións tecnolóxicas, aulas de informática e comerón finalmente nun comedor universitario.

Así mesmo, e dirixidos fundamentalmente ós alumnos de novo ingreso na universidade, publicáronse:

- Folletos informativos dos 59 planos de estudo das diferentes titulacións oficiais impartidas nesta universidade. Contén obxectivos formativos, vías de acceso, pasarelas, saídas profesionais, etc.
- Ídem das 3 titulacións propias.
- Folleto "Os novos planos de estudo". Contén información sobre os termos asociados os novos planos de estudo: crédito, ciclo, tipos de materias, libre elección, complementos de formación, acceso a segundos ciclos, etc.
- Outro sobre "Benvidos á USC". Contén información sobre titulación e vías de acceso, datas de preinscrición de matrícula, de solicitude de residencias universitarias e das bolsas do MEC.
- Outro sobre "COIE virtual". Contén enderezos electrónicos da USC.
- Notas de corte orientativas para o curso 2001/2002.
- Outro sobre "Distrito Aberto"

- Outro sobre "Libre Configuración".

Ademais de enviarse exemplares ós servicios de información das universidades públicas galegas, enviáronse ós centros de ensino medio e atópanse a disposición dos interesados que así o desexen nas oficinas do COIE, no campus de Santiago de Compostela e Lugo.

No COIE, dispónse de persoal especializado que se ve reforzado nos meses de maio a novembro, coa finalidade de dar resposta á gran demanda de información, sendo un referente para os alumnos de calquera centro de Galicia, como así o avala as máis de 26000 chamadas só na liña de atención directa 902 101022, nos meses de maio a novembro. Na actualidade é un medio habitual de consulta tanto para o acceso como para a permanencia na universidade.

Finalmente, comunícolle que así mesmo a Dirección Xeral de Universidades da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a través do Servicio de Apoio e Orientación ós Estudiantes, e utilizando a infraestrutura da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, organizou unhas Xornadas sobre estrutura e acceso ó Sistema Universitario Galego, bolsas, planos de estudio, probas de acceso, calendario, etc.

O exposto reflicte que, sen prexuízo de que se teña que avanzar nunha mellora da difusión da información, o alumno que desexa información sobre o acceso á universidade en xeral e á USC en particular, a teña ó seu alcance, tanto persoalmente, como por teléfono, correo electrónico, correo postal, internet, ou titores/orientadores dos centros de ensino medio.”

O Vicerrectorado de Estudiantes comunica que:

“Ademais dende o Servicio Universitario de Residencias (SUR), achegamos a tódolos centros de Formación Profesional e Institutos de Secundaria de Galicia:

+ A "Guía e Convocatoria de Prazas de Aloxamento. Curso 2001-2002", na que se sinala:

- > a situación, relación e características dos Colexios Maiores e Residencias de titularidade pública da USC,
- > o número de prazas asignadas a cada sector,

- > a indicación pormenorizada dos requisitos que deben de acadar os solicitantes de praza no SUR,
 - > os baremos de avaliación das solicitudes,
 - > as exclusións,
 - > o relativo ás solicitudes, tramitación das mesmas e a adxudicación das prazas,
 - > a indicación da documentación que debe acompañar ás solicitudes,
 - > así como outras disposicións.
- + O cartel publicitario da mesma que contén de xeito resumido a información da convocatoria.”

Á vista do anterior considero que tanto a información que prepara a USC como a difusión que fai da mesma, pode considerarse razoable, se ben se ten que avanzar nunha mellora da difusión da información ó alumno que desexe acceder á Universidade de Santiago de Compostela, sobre todo se se ten en conta os profundos cambios que é de esperar se produzan no acceso á Universidade.

Q 0110/05

Non admitida a trámite como queixa xa que a concesión dunha convocatoria de gracia non está incluída nas funcións que ten atribuídas o Valedor da Comunidade Universitaria da USC.

Q 0110/06

Presentada por un estudante en relación coa docencia das materias que constitúen os complementos de formación.

O Sr. decano informa da solución do problema que se manifestaba na queixa.

Q 0110/07

Queixa presentada por un estudante en relación coa formalización da matrícula para o presente curso académico. Na mesma indica que no libro de

matrícula figura unha materia que non está incluída na correspondente aplicación informática, o que lle crea dificultades á hora de efectuarla matrícula.

O Servicio de Alumnado da Universidade de Santiago de Compostela informa que dita materia foi dada de alta na aplicación o 15 de outubro.

Q 0111/01

Queixa presentada por dous licenciados pola Universidade de Santiago de Compostela en relación cunha solicitude de validación de estudos. No escrito indicaban que no mes de xullo de 2001 presentaron a solicitude de validación de estudos que aínda non foi resolta o día 20 de novembro.

Solicitouse informes ó Servicio de Alumnado e ó Centro, que con data 17 de xaneiro enviou o seguinte escrito:

“... comunícolle que os ditos alumnos presentaron na Unidade de Xestión Académica con data 31 de xullo de 2001 solicitude de validación de estudos, ditas peticións foron remitidas a este centro con data 10/10/2001.

Polo que respecta os informes de validación de estudos, foron remitidas polo centro á Unidade de Xestión Académica con data 16 de xaneiro de 2002. A tardanza na remisión dos informes foi debida a que a Comisión Permanente deste centro "salvo urxencia reúnese unha vez o mes", reunida con data 15 de novembro de 2001 acordou solicitar informe ós profesores que imparten algunhas das materias solicitadas, por non formar parte da Comisión permanente ningún especialista desas materias, o que propiciou un retraso na emisión dos informes, xunto cos días de traballo perdidos pola folga en contra da LOU tanto por parte do Profesorado como da Administración.”

Tendo en conta que se trata dun expediente de validación de estudos cursados nesta Universidade, e entre dúas titulacións nas que parece previsible que tales solicitudes sexan frecuentes, a simple lectura dos informes recibidos fai innecesaria calquera argumentación para insistir na necesidade de simplificar e axilizar a resolución das solicitudes de validación de estudos.

Q 0111/02

Queixa presentada por estudantes en relación coa convocatoria de Bolsas de Colaboración.

Solicitouse informe o Sr. vicerrector de Investigación e do 3º ciclo.

Non se ten recibido ningunha comunicación posterior.

Q 0111/03

Escrito, reiterando unha queixa anterior, no que se indica que nun centro segue sen respectarse a normativa sobre consumo de tabaco, poñendo como exemplo que nos exames “fuman tanto alumnos como docentes”.

O Secretario Xeral da Universidade de Santiago de Compostela comunícame que enviou o seguinte escrito:

“No ano 2001 foi presentado escrito de queixa por estudantes desa Facultade no que se manifesta que nas aulas e nos locais de uso común permítese o consumo de tabaco. Deste xeito e dende a Secretaría Xeral se puxo en coñecemento estes feitos para adoptar as medidas oportunas.

Con data do 23 de setembro foi presentada nova queixa perante o Valedor do Estudiante na que se pon de manifesto que segue sen respectarse a normativa de uso do tabaco.

Á vista do anterior, lémbrolle que como responsable do Centro, deberá adoptar as medidas oportunas para esixir o cumprimento da normativa de consumo de tabaco nos Centros educativos, colocando carteis informativos e prohibindo o consumo de tabaco por parte dos profesores e dos alumnos nos locais de uso común e nas aulas do Centro.

Ós efectos de comunicar ó Valedor da Comunidade Universitaria, rogo informe a esta Secretaría Xeral sobre as medidas adoptadas.”

Posteriormente o Sr. secretario xeral da USC remitiu copia do escrito enviado polo Vicedecano de dita Facultade no que se indica o que segue:

“En relación co seu escrito no que manifesta que un grupo de alumnos desta Facultade presentaron queixas sobre a permisividade do uso do tabaco nas aulas e nos locais de uso común, comunícolle que hoxe foi enviado un correo electrónico a todo o profesorado do centro advertíndoo de que deben respectala normativa sobre o consumo de tabaco nos centros educativos (RD 192/1988), así como que se colocaron carteis en diversas zonas da facultade e que se tratará o tema na vindeira Xunta de Facultade prevista para o mes de decembro.”

Q 0111/04

Os presentadores da queixa manifestan que simultaneamente coa matrícula presentaron unha solicitude de validación dos estudos cursados noutra titulación ou noutra Universidade, sen que teñan recibido resposta. Tendo en conta que o prazo para solicita-la modificación ou a anulación da matrícula remata o día 15 de decembro, no caso de que reciban a resposta á solicitude de validación con posterioridade á mencionada data poderían verse prexudicados.

Solicítouse ó Servicio de Alumnado que informara se aqueles estudantes que reciban a resolución de validación de estudos con posterioridade ó día 15 de decembro poderán solicita-la modificación ou anulación de matrícula fóra do prazo establecido, indicando o mencionado Servicio que a posibilidade de modificación de matrícula está regulada polos artigos 21 e 22 da Convocatoria de Matrícula do curso 2001-2002.

O artigo 21.2.2 da mesma establece o seguinte:

“21.2.2. Modificacións particulares.

Aceptárase en calquera momento a modificación de matrícula polas seguintes causas:

- a)
- b) Resolución de adaptación ou validación sempre que se tivese solicitado no período ordinario de matrícula. Contra a resolución de adaptación ou validación o alumno deberá formaliza-la matrícula no prazo que se lle indique na resolución de adaptación ou validación, con independencia da presentación ou non do recurso potestativo de reposición. Esta

modificación de matrícula en ningún caso supón a posibilidade de anulación total da mesma. Asemade non se admitirá a ampliación de matrícula en materias que tivesen realizado a primeira convocatoria ordinaria de exame.”

Enviouse un escrito ó Sr. vicerrector de Ordenación Académica suxerindo que recorde ós Centros a necesidade de que envíen sen tardanza os informes que lle solicite o Servicio de Alumnado co obxecto de resolver as validacións de estudos.

Q 0111/05

Queixa presentada en relación co acceso ós libros da Biblioteca dun centro. Na mesma indícase que en ocasións libros que figuran no catálogo en rede como dispoñibles, non o están na práctica, o que dá lugar a desprazamentos inútiles á mencionada Biblioteca.

Recibidos os informes solicitados á Dirección da Biblioteca Universitaria da USC *recórdase ó Sr. vicerrector de Investigación e 3º ciclo a obrigatoriedade de cumprir-lo Regulamento da Biblioteca Universitaria da USC, que no Artigo 30.c, entre os deberes dos usuarios da mesma establece o de:*

“Cumprir as disposicións que regulan os distintos servizos da Biblioteca e, en especial, as normas establecidas para o préstamo de fondos e documentos”.

Q 0111/06

Queixa presentada por un estudante en relación coa formalización da matrícula. Na mesma indica que é estudante de Terceiro Ciclo na etapa de Tese. Como estudante de Terceiro Ciclo ten que realizar unha matrícula anual, previa inscrición na Secretaría do Departamento. Despois de solicita-la inscrición e inscribirse no Departamento no prazo establecido o 12 de novembro púxose en contacto co CPTF para informarse sobre o procedemento de matrícula. De acordo coa convocatoria de estudos de Terceiro Ciclo o prazo de matrícula era do 10 ó 30 de novembro, pero no CPTF foi informado de que non podía formaliza-la matrícula debido a certos retrasos e que non sabían cando podería facelo, feito que lle ocasiona

unha serie de prexuízos, como os derivados de non poder dispoñer da Tarxeta de estudante.

Solicitada información ó Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua o Sr. director en funcións do mesmo comunicou o seguinte:

1.- A matrícula na etapa de tese instaurouse no curso 2000-2001 para todas aquelas persoas que, unha vez obtido o Diploma de Estudos Avanzados ou a suficiencia investigadora, presentan no Departamento correspondente un proxecto de tese. Esta matrícula está regulada no artigo 21 do Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo, que desenvolven o artigo 127 dos Estatutos da USC.

2.- A matrícula ten dúas fases:

- Inscripción no Departamento, presentando o proxecto de tese (se é a primeira vez), e indicando o tipo de dedicación do alumno.
- Matrícula, que consiste en abono das tarifas aprobadas (tarxeta + importe do seguro correspondente).

3.- No curso pasado a matrícula fíxose de xeito presencial nas dependencias do CPTF. Na convocatoria de matrícula para o curso 2001-2002 establecíase un prazo entre o 10 e o 30 de novembro para realizar esta matrícula, sen mencionar o procedemento.

4.- Debido a que o CPTF debe procesar a información que recibe dos departamentos antes de face-la matrícula e actualizar os datos dos expedientes anteriores, e tamén debido a que a presenza do alumno non é necesaria para face-la matrícula, optouse por enviar ó domicilio dos alumnos a liquidación que corresponda, unha vez realizados os traballos anteriores, o cal se está a facer de xeito constante dende o mes de novembro.

5.- Este cambio na modalidade de matrícula foille comunicada ós departamentos e anunciado a través da web do CPTF.

6.- Polo que se refire á disposición da tarxeta universitaria, o interesado foi alumno da etapa de tese no curso anterior, polo que debe xa dispoñer da dita tarxeta. Como é sabido, esta carece de información acerca da súa caducidade académica. Debemos engadir que, aínda que o procedemento de matrícula se fai ordinariamente por correo, como xa se dixo, loxicamente realizamos directamente

no CPTF a matrícula na etapa de tese a aquelas persoas que por diversos motivos precisan axilizar este trámite.”

Se ben como indica o Sr. director en funcións do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua os estudantes poden facer uso da tarxeta universitaria naqueles Servicios Universitarios nos que é necesaria aínda que non teñan formalizada a matrícula, é necesario recorda-la obrigatoriedade de cumprilos prazos e procedementos establecidos nas convocatorias de matrícula.

Q 0111/07

Queixa relacionada coas bolsas de monitor colaborador de clases prácticas que concede a Universidade de Santiago de Compostela. Os motivos da presentación da queixa débense fundamentalmente, á situación que se lles plantexa a aqueles bolseiros que teñen a docencia práctica acumulada nun trimestre (o primeiro) e ós que con posterioridade lles é concedida outro tipo de bolsa ou contrato, polo que teñen que renunciar á bolsa de monitor.

Dos informes recibidos e do contido da Normativa da Convocatoria de Bolsas de Monitor Colaborador de clases prácticas da Universidade de Santiago de Compostela dedúcese que a actuación do departamento no caso que motiva a queixa fíxose en aplicación de dita normativa. Sen embargo o exposto na queixa pon de manifesto o descoñecemento da normativa por parte dos bolseiros, polo que se recomenda que se recorde ós departamentos responsables a necesidade de informar ós bolseiros das características das bolsas de monitor colaborador, en especial dos apartados: 6, 7, 8, 9, 10 e 11 das mesmas.

Así mesmo tendo en conta as características destas bolsas e das persoas que as disfrutan é necesario instar ós departamentos a que cumpran estrictamente o establecido no punto 6, de xeito que se permita o normal desenvolvemento das obrigas discentes do bolseiro e procurando non acumular a docencia en períodos curtos de tempo, salvo que ese sexa o desexo do bolseiro, e no punto 8, o desenvolvemento da docencia práctica debe realizarse sempre en presenza do profesor que teña asignada a docencia no POD.

É necesario tamén instar ós departamentos a que tramiten con urxencia os nomeamentos e as baixas dos monitores co fin de evita-la mala xestión dos pagos.

Q 0111/08

Presentada por un estudante en relación coas convocatorias da Xunta de Facultade. Na mesma expón que:

- 1.- Con data 9 de maio de 2001 figurou na proclamación definitiva de candidatos electos á Xunta de Facultade polo sector de estudantes.
- 2.- Que ata o momento (29 de novembro), e a pesar de solicitalo por escrito ó Sr. decano, non foi convocado a ningunha sesión plenaria da Xunta de Facultade.

En cumprimento do establecido no artigo 11.9 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria pónense os feitos no coñecemento da Secretaría Xeral solicitando que se recorde ó Sr. decano da Facultade a obrigatoriedade de convocar ás sesións que se celebren a tódolos membros da Xunta de Facultade.

Q 0111/09

Queixa relacionada co funcionamento de servicios de cafeterías e comedores.

1.- Dentro da investigación prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria da USC solicitouse á Xerencia da Universidade a seguinte información:

- Publicidade que teñen que facer as cafeterías e comedores universitarios da USC dos produtos, prezos e servicios que están obrigados a proporcionar.
- Control que a Universidade fai sobre o funcionamento dos mencionados servicios e do cumprimento dos termos dos contratos de adxudicación dos mesmos.

2.- A Xerencia enviou o seguinte escrito:

“En resposta a súa solicitude, acompáñolle a seguinte documentación:

Prego de prescricións técnicas, que define as condicións ás que debe axustarse a execución dos servicios de cafeterías e comedores, e a obrigatoriedade de ter á

vista do público as listas de productos autorizados pola Universidade de Santiago de Compostela.

Prego de cláusulas administrativas particulares, que recolle na cláusula 7, apartado 3 o control que a Universidade fai sobre o funcionamento dos servicios e na cláusula 21, as responsabilidades contractuais.”

3.- As copias dos contratos achegados incluían, tal como se indica, as condicións e cláusulas que están obrigados a cumprir os adxudicatarios dos Servicios de cafeterías e comedores, pero non dicían nada ó respecto do control do cumprimento, nin do procedemento que os usuarios poden seguir para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Por iso reiterouse a solicitude de información, en concreto o punto 2º do mesmo que dí:

- Do control que a Universidade fai sobre o funcionamento dos mencionados servicios e do cumprimento dos termos dos contratos de adxudicación dos servicios.

4.- Como resposta a Sra. vicerrectora de Estudiantes comunicou o seguinte:

“O Servicio de Xestión Económica da Xerencia atende queixas e/ou reclamacións puntuais en relación cos servicios arriba indicados, referidas tanto ó cumprimento administrativo coma as cuestións de carácter técnico do contrato.

Existe a obriga contractual de que se dispoña de follas de reclamacións a disposición dos usuarios, así como a obriga de que estes emitan o correspondente ticket do servicio prestado.

O vicerrectorado de Estudiantes ten na actualidade a delegación expresa de competencias en materia de control e supervisión sobre a prestación destes servicios. Para estes efectos está a realiza-las seguintes actuacións:

- Apertura dunha páxina web para atende-las suxestións para mellora-la calidade dos servicios e posibles reclamacións.
- Elaboración dun prego de prescricións técnicas de aplicación común para tódalas concesións desta natureza.
- Dar a coñecer ás asociacións estudiantís as listas de prezos autorizadas oficialmente polo Vicerrectorado de Estudiantes.”

5.- En relación coa comunicación anterior *enviouse un escrito á Sra. vicerrectora de Estudiantes recomendando que “tanto á lista de prezos como á existencia da páxina web se lles de a máxima difusión e publicidade dentro da comunidade universitaria, en especial no que se refire ós estudantes.”*

Con posterioridade a Sra. vicerrectora de Estudiantes comunica que foron aceptadas as recomendacións e que se procederá do xeito que se indica nas mesmas.

Q 0111/10

En relación co servizo de autobuses entre o Campus Norte e o Campus Sur. No escrito indican que o horario lectivo nalgún centro do Campus Norte remata ás 21:30 h., mentres que o servizo de autobuses ó Campus Sur remata antes, polo que se ven obrigados a trasladarse a pé e de noite.

O escrito non foi admitido como queixa por tratarse dun servizo do que non é responsable a Universidade, sen embargo solicitouse ó Vicerrectorado de Estudiantes información das negociacións que se leven a cabo co Concello para a mellora do servizo, e se está prevista algunha actuación para que o servizo cubra o horario lectivo.

Con posterioridade a Sra. vicerrectora de Estudiantes informa que:

“Nas negociacións que se levan a cabo co Concello, e en concreto sobre o remate do servizo de autobuses en horario lectivo entre o Campus Norte e o Campus sur –línea U3- , teño a ben comunicarlle que, en reunión celebrada o día 05/02/2002 coa empresa TUSSA, ésta mostrou o seu interese de equilibrar as últimas saídas entre ambos Campus, polo que analizará dúas posibilidades: ampliar o horario existente ou combinar a citada liña U1 co servizo lanzadeira da liña U3- Praza de Galicia- Monte do Gozo-.”

Q 0111/11

Escrito presentado por unha profesora no que solicita que “se acuerde adoptar las medidas oportunas a fin de que se restablezca la normalidad de trato que por parte de..... se ha de dispensar a.....”

O Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela establece como función do mesmo no artigo 2.3:

En particular o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, coidando de oficio ou a instancia de parte de que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade. Todo iso sen prexuízo dos recursos e garantías contidos nos Estatutos e na lexislación vixente.

Por outra parte o Valedor da Comunidade Universitaria non ten entre as súas atribucións a de “adoptar medidas” xa que o artigo 11.6 do mencionado Estatuto establece que:

O procedemento rematará mediante un dictame ou informe, no que mostrará o seu parecer sobre a queixa presentada, e facendo as recomendacións que considere pertinentes sobre o xeito de actuar de órganos, membros ou servicios da Universidade de Santiago de Compostela.

Non procede admitir a trámite como queixa o escrito presentado por non ser o solicitado no mesmo competencia do Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Q 0112/01

Presentada por un estudante en relación coa cualificación do Exame de Grao. Na mesma indica que a cualificación media do seu expediente de licenciatura é superior ó 3, e que no Exame de Grao de licenciado (modalidade de exame) obtivo a cualificación de notable, polo que considera inxusto que no seu título de licenciado figure a cualificación de Notable.

A Asesoría Xurídica da USC informa que lle foi resolta denegatoriamente unha reclamación que tiña presentada no mesmo sentido xa que a cualificación fíxose en cumprimento do Regulamento do centro.

Q 0112/02

Queixa presentada por dous alumnos matriculados nun curso de Posgrao en relación coa denegación da bolsa de matrícula que tiñan solicitada.

Á vista dos informes recibidos é necesario destacar os seguintes feitos:

1.- A pouca claridade da convocatoria de Bolsas de Matrícula para os alumnos de Posgrao xa que a propia Comisión de Posgrao da USC entende que o “enunciado de “requisitos dos solicitantes” pode inducir a unha interpretación incorrecta.”

2.- Na concesión das bolsas tívose en conta a necesidade de ter unha puntuación mínima no expediente académico, non incluída explicitamente nas bases da convocatoria, aínda que nun parágrafo das mesmas se indique que:

“A finalidade destas bolsas é a de contribuír ó financiamento dos estudos de posgrao daqueles alumnos que en función da súa capacitación e da súa situación económica poidan ampliar os coñecementos adquiridos...”

Por iso recoméndase que, de acordo coa intención manifestada pola propia Comisión de Posgrao, se proceda a modificar o procedemento para a solicitude e adjudicación de bolsas para os cursos de Posgrao, tendo en conta en concreto os defectos postos de manifesto pola presente queixa.

Q 0201/01

En relación coa matrícula nunha titulación propia da USC. Na mesma indica o seguinte:

1.- Que foi informada na Unidade de Xestión Académica de que o prazo para solicitala anulación de matrícula con devolución das taxas remataba o 15 de decembro.

2.- Que solicitou a anulación da matrícula dentro do prazo sinalado, sen que recibira resposta, se ben verbalmente comunicóuselle que o prazo de solicitude de anulación de matrícula foi modificado polo que non ten dereito á mesma.

Solicitouse informe das razóns e condicións para solicitara anulación de matrícula con dereito a devolución de taxas, e de si as mesmas foron recentemente modificadas.

Non se ten recibido resposta.

Q 0201/02

Presentada queixa por un membro da Comunidade Universitaria da USC en relación co funcionamento da Piscina Universitaria. Na mesma indica que a mencionada piscina permaneceu pechada entre o 23 de decembro de 2001 e o 6 de xaneiro de 2002, sen que se dera ningunha xustificación, incumprindo os períodos de apertura do servizo que se dá como información ós usuarios.

Non informe recibido do Vicerrectorado de Extensión Cultural indícase:

“A Piscina Cuberta da USC funciona dende o mes de setembro ata o mes de xullo, pechando no mes de agosto para que o persoal poida disfrutar das súas vacacións. Ademais pecha en Semana Santa para facer o primeiro baleiramento do vaso, dos dous que nos obriga a normativa actual (art. 33.2 do Decreto 53/89 do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento sanitario de piscinas de vaso colectivo) e tamén en Nadal para que o persoal poida disfrutar dos días por asuntos particulares (art. 37.h do III Convenio colectivo para o persoal laboral das Universidades públicas de Galicia, DOGA do 18/10/96)

Acompáñolle copia do aviso que se colocou na piscina (entrada da mesma, conserxería, e acceso os vestiarios) en decembro para avisar deste peche.”

Non é cuestionable o dereito a días de asuntos propios que o Convenio Colectivo reconece ó persoal laboral da USC, pero tampouco é cuestionable a obriga que ten a Universidade de garantir o bo funcionamento dos servizos que ofrece. Por iso a autorización dos días propios ó persoal non se debe facer suspendendo o funcionamento, polo que no caso de que fose necesario suxiro que se poña en coñecemento da Xerencia coa antelación suficiente para que tome as medidas que garantan o mantemento do Servizo.

Q 0201/03

Queixa presentada por un membro do Claustro do sector de estudantes en relación co envío das convocatorias das sesións.

O Sr. secretario xeral informa que no caso dos estudantes de primeiro e segundo ciclo as convocatorias envíanse ó local asignado para os seus representantes nos distintos centros, ou no domicilio que conste no seu expediente durante o período vacacional.

Q 0201/04

Queixa presentada por un funcionario da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa ocupación de prazas mediante comisións de servicios. Na mesma indícase que é frecuente que a USC cubra prazas polo mencionado procedemento sen que se informe dos criterios empregados na selección dos candidatos, e que non se respecten os prazos que establece a normativa vixente para a duración da comisión concedida.

Solicitouse informe á Xerencia da USC e leváronse a cabo entrevistas co Sr. presidente da Xunta de Persoal Funcionario da USC e co Sr. xerente da USC.

Á vista da información recollida considero conveniente:

1º.- Recordar a obriga de cumprilas duracións das comisións de servicios.

2º.- Se ben non hai uns criterios establecidos para a selección das persoas ás que se lles concede unha comisión de servicios, eso non debe levar a que tanto os funcionarios como a Xunta de Persoal descoñezan as razóns que levan a cubrir unha praza mediante comisión de servicios, e os criterios seguidos para establecer a idoneidade da persoa seleccionada para ocupala praza. Por iso recomendo que o proceso de cubrir vacantes en comisión de servicios sexa o máis transparente posible, e se de ampla información do procedemento seguido.

Con posterioridade recibíuse escrito do Sr. xerente indicando o seguinte:

1 Avalíanse positivamente e intégranse os posicionamentos institucionais contidos na recomendación de data 13 de novembro, por considerarse acertados.

2 Especificamente polo que atinxe á limitación máxima da duración da contingencia de comisión de servizos, obviamente é requirimento legal, polo que procede o cumprimento da recomendación.

3 Sobre os criterios para a designación de persoa concreta, se ben non están establecidos no marco legal vixente que regula a figura con carácter de discrecionalidade, xa se teñen establecidas conversas coas representacións sindicais, laboral e funcionarial, con vistas á determinación e difusión de pautas, cuestión que debe integrar dous aspectos (non sempre coincidentes) como son a necesaria flexibilidade ou axilidade (non aplicación de criterios complexos a unha figura transitoria e limitada no tempo) e a obxectivación.

4 No último Consello de Goberno, aprobouse por proposta da Xerencia que no concurso de traslados non valoren como mérito adicional as situacións de comisión de servizo.

Q 0201/05

Queixas presentadas por estudantes en relación coa denegación de solicitudes de modificación de matrícula. Nas mesmas indican que:

1º.- Por un erro non se matricularon na convocatoria Fin de Carreira, pero que realizaron os exames e aprobaron as materias que lles faltaban para rematalos estudos.

2º.- Que solicitaron se lles permitira matricularse fóra do prazo establecido para ser incluídos nas actas da mencionada convocatoria e poder así tramitalo título de Licenciado.

Solicitouse un informe ó Servicio de Alumnado, que comunicou o seguinte:

“En relación coas alegacións formuladas polo alumno son incorrectas xa que o mesmo non optou a inscribirse na Convocatoria de Febreiro nin Fin de Carreira.

Opción que realiza libremente xa que tanto na Convocatoria de Matrícula como na Guía de Matrícula editada para os alumnos de continuación de estudos, a información ofrecida ós mesmos era o suficientemente clara.

Os alumnos que realizan a súa matrícula consonte ás Normas establecidas e se inscriben nas convocatorias extraordinarias asumen a responsabilidade deste acto de xeito que no caso de suspender ese suspenso pasa a inscribirse no expediente.

No caso dos alumnos que non cumpren as Normas e solicitan a inscrición a posteriori, cando xa, coñecen os resultados dos exames ou lles parece que o exame lles saíu ben de admitirilles esta solicitude de inscrición recibirían un tratamento máis beneficioso que os que cumpren as Normas.”

Q 0201/06

Queixa presentada por un estudante dunha titulación propia da USC en relación co importe total da matrícula. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que na folla de liquidación de prezos públicos por servizos académicos o prezo que se lle cobrou polas materias validadas e polos complementos de formación foi maior que o que figura na información que da a Universidade.
- 2.- Que ten solicitada a corrección do erro e a devolución da cantidade abonada en exceso sen que reciba resposta.

A Unidade de Xestión Académica envía un informe no que comunica:

1º.- É correcta a alegación do alumno.

2º.- A solicitude de devolución das cantidades indebidamente aboadas polo alumno e que presentou o día 29 de xaneiro de 2002, non é posible tramítala toda vez que sigue sen modificarse a taxación.

3º.- Non e responsabilidade desta UXA o mantemento dos prezos públicos na aplicación informática. Non obstante, con data 25 de outubro xa se lle comunicou ó responsable informático a necesidade de arranxar o problema que nos ocupa con carácter de urxencia.

Recoméndase ó Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións que investigue as causas que motivan que un erro detectado pola UXA Sur da Universidade e comunicado ó Servicio responsable da corrección no mes de outubro de 2001, continúe sen ser modificado no mes de marzo de 2002, así como que se tomen as medidas oportunas para que os erros advertidos sexan corrixidos con urxencia.

O Sr. vicerrector comunica o seguinte:

“dáse conta ó servicio correspondente e espero que sexa resolto de forma inmediata”

Q 0201/07

Queixa presentada por unha estudante en relación co retraso en resolver a súa solicitude de validación de estudos.

Realízanse xestións diante do Servicio de Alumnado e Unidade de Xestión Académica para axiliza-la resolución da solicitude da alumna.

Q 0201/08

Queixa presentada por 26 estudantes en relación coa falta de asistencia dunha profesora. Na mesma indican que teñen presentados escritos dirixidos ó Sr. vicerrector de Profesorado, ó Sr. decano da Facultade e ó Sr. director do Departamento nos que solicitan unha solución ó problema.

O Sr. decano informa da solución do problema que motiva a queixa.

Q 0202/01

Presentada por un estudante de terceiro ciclo en relación coa resolución dunha convocatoria de Premios Extraordinarios de Licenciatura.

O Sr. decano da Facultade comunica que se tramitou unha nova proposta de concesión de Premio Extraordinario de Licenciatura.

Q 0202/02

Queixa relacionada cos problemas ocasionados polo retraso da tramitación do título de licenciado.

Dáse traslado da mesma o Sr. secretario xeral da Universidade.

Q 0202/03

Presentada por un profesor en relación cunha nota difundida por unha asociación de estudantes.

O Excmo. Magfco. Sr. rector acordou a apertura dunha información reservada para a investigación e esclarecemento dos feitos denunciados.

Q 0202/04

Queixa relacionada co retraso na expedición dun título de licenciado. Na mesma indica que dende o 31 de xullo de 2000 ten formalizado o depósito do título sen que ata o momento (febreiro de 2002) lle fora entregado o mesmo, nin recibira ningunha xustificación dos motivos.

A Sección de Títulos da Universidade de Santiago de Compostela comunica o seguinte:

“1º) Trátase dun título que foi expedido con data 24 de xuño de 1998 pero que contiña un erro de gravación de datos que afectaba ó lugar de nacemento, erro que non se produciu na Sección de Títulos senón que procedía da Unidade de Xestión Académica que tramitou o expediente a esta Sección.

2º) Efectivamente a interesada solicitou a rectificación, en data 31 de xullo de 2000, cando foi a retira-lo título.

3º) As rectificacións de datos que se producen nos títulos temos que comunica-las ó Ministerio de Educación mediante gravación dos expedientes axustándonos as normas establecidas polo Ministerio. Normas que recolle o programa de expedición de títulos.

4º) Coincidiu que por parte do Ministerio de Educación, a finais do ano 1999 elaboráronse novas instrucións para reaxusta-lo sistema de gravación dos expedientes ó efecto 2000. O mesmo tempo, o noso sistema de impresión de títulos así coma o programa de gravación víronse afectados polo consabido efecto 2000. Isto ocasionou retraso no proceso de expedición dos títulos a pesar de que o informático responsable do mantemento traballou arreo para solventar estes problemas, pero os resultados non foron inmediatos senón que se ocasionou bastante demora.

Afortunadamente, nestes intres temos salvadas tódalas demoras ocasionadas polas circunstancias expostas e o título que se reclama xa foi reexpedido e remitido á UXA para a súa entrega.”

Envíouse copia do informe ó Sr. secretario xeral da USC suxeríndolle que comprobe si existe retraso na expedición de títulos e, de selo caso, se tomen as medidas necesarias para evitalo.

Q 0203/01

Presentada por un membro do P.A.S. desta Universidade, en relación cos criterios de adxudicación de prazas nos cursos de formación do Persoal de Administración e Servicios.

Tendo en conta a información recollida, entre a que se encontra a resposta dada pola Xerencia da Universidade a un escrito da presentadora da queixa, un informe complementario emitido polo Sr. vicexerente da Universidade e as Normas Xerais para o acceso, seguimento e avaliación das accións formativas para P.A.S. da USC, pódense face-las seguintes consideracións:

1º.- O parágrafo 3.4.1 das mencionadas Normas Xerais establece como primeiro criterio de selección que:

Cando o curso se dirixa a un colectivo determinado, o persoal funcionario ou laboral fixo dese colectivo terá preferencia absoluta sobre o persoal contratado para a cobertura das prazas.

2º.- A xestión dos cursos de formación, tanto no que se refire ó tipo de cursos a impartir como á elección dos colectivos ós que van dirixidos, a fai a Xerencia da Universidade co visto bo da Comisión de formación do P.A.S.

3º.- No caso que motiva a presente queixa a convocatoria do curso indica que vai dirixido a:

- 1º Persoal que realice tarefas administrativas
- 2º Facultativos e axudantes de bibliotecas
- 3º Auxiliares técnicos de bibliotecas, auxiliares de servizos e conserxes que traballen de mañá.

A interpretación que a Xerencia fai da relación anterior é que non supón unha prelación, se non que a considera como un único colectivo e aplica o criterio de preferencia do persoal fixo.

Sen embargo a interpretación que fai a presentadora da queixa de que a relación anterior implica unha prelación parece totalmente razoable, polo que *suxiro que nas próximas convocatorias de cursos figure de xeito explícito e claro a preferencia entre colectivos, de xeito que se eviten no posible as interpretacións que poidan resultar pouco claras.*

4º.- Se ben xa no escrito da Xerencia se indica que no curso que motiva a queixa quedan pendentes de admisión 322 aspirantes e que o mesmo seguirase programando *“ata dar cumprimento ás expectativas creadas”*, considero conveniente *recomendar que as Accións Formativas para P.A.S. se programen de xeito que satisfagan as demandas do persoal tanto fixo como contratado.*

Q 0203/02

Queixas presentadas por estudantes en relación coas obras que se estaban a realizar no edificio do Centro. Na mesma indican que as obras prexudican a calidade da docencia que están recibindo.

Solicitouse informe ó Sr. vicerrector de Xestión de Infraestructuras e realizáronse entrevistas cos membros do equipo de dirección do Centro. Constatouse que, tal como indican os estudantes, as obras afectaron seriamente ás actividades durante un tempo mais longo do que sería razoable, e sen que houbera un control e seguimento eficaz das obras por parte dos técnicos da USC.

Por iso suxiro que aquelas obras que sexa necesario facer nos centros da USC se programen de xeito que interfiran o menos posible coa actividade docente, e que o persoal técnico da Universidade sexa o que faga un seguimento do cumprimento da planificación.

Q 0203/03

Queixa presentada por estudantes en relación co cálculo da cualificación media do expediente para a asignación das Prácticas Tuteladas.

Tendo en conta os informes enviados polo centro e pola Asesoría Xurídica da USC *considero que no procedemento de valoración dos expedientes académicos para a asignación das Prácticas Tuteladas cumpriuse a normativa aprobada pola USC.*

Q 0203/04

Queixa presentada por estudantes dunha titulación propia da USC en relación coa denegación dunha solicitude de validación.

Ós presentadores da queixa, licenciados, foilles denegada a validación (Resolución do 29 de xaneiro de 2002), visto o informe da Comisión de Validacións

da Titulación, por “non axustarse ó programa de ningunha das materias da titulación”.

En Resolución do 17 de abril de 2002 foilles desestimado o recurso de reposición tendo en conta un informe singular emitido pola Comisión de Validacións da Titulación.

A información de que se dispón permite face-las seguintes consideracións:

1.- O problema que se plantexa non é o normal dunha validación materia a materia, se non que os presentadores da queixa cuestionan que un licenciado en ... teña que cursa-la materia, por canto dispón de coñecementos suficientes pola súa condición de licenciado.

2.- Se a denegación inicial da solicitude se fixo visto un informe da Comisión de Validacións da Titulación, non parece lóxico que para a resolución do recurso se teña en conta de novo e unicamente un informe da mencionada Comisión de Validación.

Por iso, suxiro que se revise a procedencia de que os Licenciados teñan que cursar a materia, e que para elo se soliciten informes complementarios ós que poida emiti-la titulación, como poden ser os da propia Facultade.

Q 0203/05

Queixa presentada por un profesor en relación coa non inclusión dunha publicación dentro da produción científica correspondente ó ano 2000.

O Sr. vicerrector de Investigación e 3º ciclo informa que a razón pola que non está incluída a revista nas listas do Vicerrectorado é que a documentación requirida foi entregada fóra do prazo establecido.

Q 0203/06

Queixa presentada por estudantes en relación coa docencia dunha materia. Na mesma indican que dende o comezo do segundo cuadrimestre do curso 2001/02

non se imparte a docencia da mencionada materia, de carácter troncal e anual, sen que se lles de ningunha información sobre a reanudación da actividade docente.

Nos informes enviados polo Vicerrector de Profesorado, o Director do Centro e o Director do Departamento ponse de manifesto que a non impartición da docencia é consecuencia da xubilación dun profesor que decidiu non continuar en activo ata a finalización do curso.

En comparación con outras situacións semellantes, a contratación do profesor substituto foi rápida, pero o feito de que entre o 4 de marzo e o 19 de abril estudantes de 1º curso dunha titulación non recibiron docencia nunha materia troncal, fai necesario *recordar de novo, tanto ás autoridades académicas como ó profesorado, a obrigatoriedade de impartir toda a docencia prevista nos planos de estudio.*

Q 0204/01

Queixa asinada por membros das asociacións de estudantes e representantes de estudantes dunha facultade en relación cos locais que teñen asignados. Na mesma indican que tres asociacións teñen que compartir un local e que o local contiguo correspóndelle a unha soa asociación que non ten representatividade na facultade.

O Vicerrectorado de Estudiantes informa que se procedeu a unha redistribución dos locais das asociacións de estudantes.

Q 0204/02

Presentada por unha estudante en relación coa matrícula da convocatoria Fin de Carreira. Na mesma indica o seguinte:

1.- Que formalizou a solicitude de matrícula na convocatoria Fin de Carreira correspondente ó curso 2001/02 e realizou os correspondentes exames.

2.- Que con posterioridade á realización dos exames foille anulada a matrícula por non cumprilos requisitos da convocatoria.

Recibiuse o informe da Unidade de Xestión Académica.

Pendente da elaboración dun informe concreto sobre a convocatoria Fin de Carreira.

Q 0204/03

Queixa presentada por un funcionario do P.A.S. en relación co retraso do abono dunha subvención de prezos de matrícula.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica informa dos motivos do retraso e de que se procedeu ó pago da subvención.

Q 0204/04

Presentada queixa por un estudante de terceiro ciclo da Universidade de Santiago de Compostela, en relación co Servicio de Préstamo Interbibliotecario.

A Biblioteca Universitaria informa que se aplicaron as normas e os prezos aprobados pola USC.

Darase traslado do problema plantexado na queixa á Comisión de Biblioteca Universitaria.

Q 0205/01

Presentada por estudantes en relación co retraso na entrega das actas dunha materia.

Dáse traslado ó Director do centro quen informa que o profesor procedeu á entrega das actas.

Q 0205/02

Queixa presentada por unha agrupación electoral de estudantes en relación cunha solicitude de cesión de locais. Na mesma indica que con data 16 de outubro de 2001 presentara unha solicitude dirixida ó Sr. decano da facultade e que con data 9 de abril de 2002 reiteraron a solicitude sen que recibiran resposta.

Non se recibiu o informe solicitado ó Centro.

Q 0206/01

A presentadora da queixa solicitou que lle foran aplicadas no ano académico 2002/03 as taxas dun curso ó que non asistiu no ano 2001/02.

Sendo evidente que á presentadora da queixa non lle asiste ningún dereito, considero necesario *recordar que unha das pezas clave na mellora da calidade que desexa a USC é a mellora da atención ós usuarios dos Servicios. Por iso considero que a posibilidade de contactar coas persoas que están matriculadas nun curso e non se presentan ó mesmo contribuiría á mellora da calidade e non debería de supoñer unha excesiva carga de traballo, xa que é de esperar que o número dos que non asisten sexa unha porcentaxe mínima dos matriculados.*

Por outra parte, dada a elevada demanda que teñen este tipo de cursos, non parece razoable que queden prazas sen cubrir no que se refire á asistencia, aínda que estean cubertas no que fai referencia ás matrículas aboadas.

Q 0206/02

Queixa presentada sobre a non aceptación dunha solicitude de admisión na Escola Infantil Breogán.

Unha vez recibido o informe da Sra. vicerrectora de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria, que remite o acordo adoptado pola Comisión da Escola Infantil Breogán, *considero que a non aceptación da solicitude faise aplicando dun xeito correcto as normas de admisión por non cumprilo requisito de estar vinculada á Universidade no momento da inscrición.*

Q 0206/03

Presentada por unha estudante en relación coa falta de resposta a unha información solicitada na Unidade de Xestión Académica.

Dáse traslado do escrito ó Sr. xerente da USC solicitándolle información das actuacións que leve a cabo.

Q 0206/04

Análoga á queixa *Q 0110/03*

Q 0206/05

Queixa presentada por estudantes na que comunican unha serie de problemas derivados do comportamento dunha profesora.

Dado que teñen remitido un escrito análogo ó Sr. vicerrector de Organización Académica e Profesorado solicítase información das actuacións que ten previsto levar a cabo.

Q 0206/06

Queixa presentada por estudantes en relación coa presentación dos Proxectos Fin de Carreira.

Resólvese favorablemente o recurso que tiñan presentado.

Q 0207/01

Queixa presentada por estudantes dunha titulación propia da USC en relación cunha solicitude de anulación dunha materia.

Non se recibiu o informe solicitado.

Q 0207/02

Queixa presentada por unha estudante en relación coas taxas de matrícula. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que como consecuencia da adaptación do plano de estudos nalgúns casos produciuse unha agrupación de varias materias do plano vello nunha nova materia do plano novo.
- 2.- Que neste caso ós estudantes que teñan aprobadas materias do plano vello se lles mantén a cualificación ó adaptarse tendo que cursar só a parte da materia do plano novo que non ten aprobada.
- 3.- Que as taxas de matrícula que teñen que abonar son as que corresponden ó total da materia.

Dos informes recibidos dedúcese que o centro informa claramente ós estudantes das condicións nas que pode realizala adaptación ó novo plano de estudos, e que a USC aplica os prezos de matrícula establecidos pola Xunta de Galicia.

Sen embargo, recomendo que nas modificacións de planos de estudos nas que se produzan agrupacións de materias, como é o caso que motiva a presente queixa, o recoñecemento das materias que os estudantes teñen aprobadas non se limite a un acordo interno do centro, senón que sexa a USC a que lle de validez oficial, tanto a efectos académicos como a efectos do pago dos prezos de matrícula.

Q 0207/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha solicitude de modificación de matrícula. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que no momento de formalizala matrícula para o curso 2001/02 marcou por erro o código da materia da titulación de ..., cando o que quería cursar era unha materia homónima doutra titulación.

2.- Que durante o curso asistiu ás clases, examinándose da mesma e superando as probas.

3.- Que lle foi denegada a solicitude de modificación de matrícula que presentou co fin de validar a materia superada.

No informe que lle foi solicitado a Secretaría Xeral da Universidade indica o seguinte:

“A solicitude de modificación de matrícula realizouse con data do 1 de xullo de 2002.

A solicitude foi resolta expresamente con data do 24 de xullo de 2002 e desestimada en base os seguintes criterios:

- A materia obxecto de matrícula inicial é unha materia de libre configuración polo que houbo unha petición expresa por parte da alumna.
- A petición de modificación de matrícula efectuouse con posterioridade á realización do exame. Como se ten detectado que en moitas ocasión se producían solicitudes de cambio de matrícula unha vez realizados os exames e incluso unha vez coñecidos os seus resultados e as cualificacións, se esta aplicando o criterio de que non se autorizan modificacións de matrícula unha vez efectuados os exames.”

Con posterioridade pediuse ó Departamento información sobre a equivalencia dos contidos das mencionadas materias, comunicando que:

“as materias de ... impartidas no curso 2001-2002 e correspondentes ás titulacións de ... e maila de ... poderían ser validables por mor da similitude dos seus contidos.”

Pode deducirse polo tanto que foi un erro no momento de formalizala matrícula o que motivou que a presentadora da queixa cursara unha materia da que non se matriculara, pero que os contidos de ámbalas dúas eran similares e polo tanto validables.

Por iso suxiro que no caso de solicitudes como a presente se analicen as circunstancias específicas, xa que parece claro que a actuación foi debida a un erro, e non a un intento de obter algún beneficio como parece indicar o escrito da Secretaría Xeral que sucede noutros casos.

Q 0207/04

Presentada por unha estudante indicando ter dirixido ó Sr. decano da Facultade unha solicitude de revisión da cualificación outorgada nunha materia sen que teña recibido resposta.

Solicítase informe o Sr. decano. Non se recibiu resposta do Sr. decano nin da presentadora da queixa.

Q 0207/05

Presentada por unha estudante en relación coa cualificación dunha materia.

O xefe do Servicio de Xestión Académica comunica que a situación formulada xa foi resolta conforme á instrucción da Secretaría Xeral, e a interesada xa fixo o depósito do título.

Q 0209/01

Presentada por un estudante en relación cunha revisión de cualificación dunha materia.

Dado que ten presentado un recurso ante o Sr. rector solicítase informe da resposta que se lle de ó mesmo.

A solicitude foi denegada polo que se iniciou a investigación prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Pendente do informe final.

Q 0209/02

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de matrícula nunha materia.

Resólvese favorablemente o recurso que tiña presentado.

Q 0209/03

Queixa relacionada cos prezos de matrícula na convocatoria Fin de Carreira. Na mesma indícase que o importe da matrícula na mencionada convocatoria, sen dereito a docencia e con dereito a unha única convocatoria de exame, é o mesmo que o importe da matrícula ordinaria, con dereito a docencia e dúas convocatorias de exame.

Pendente da elaboración dun informe específico sobre a convocatoria Fin de Carreira.

Q 0209/04

Presentada por un estudante en relación coa denegación da praza no Sistema Universitario de Residencias (S.U.R.) que tiña solicitada no curso 2002-2003.

A Sra. vicerrectora de Estudiantes indicou que perante as causas alegadas polo alumno, admitiuse a trámite a solicitude, figurando na lista de agarda feita pública o día 10/09/2002, e, conseguintemente pode optar a unha praza de residencia segundo a orde de puntuación na lista de agarda, sempre e cando cumpra os mínimos académicos na convocatoria de setembro.

Q 0209/05

Queixa presentada por un estudante en relación coa denegación de praza no S.U.R.

No informe da Sra. vicerrectora de Estudiantes indícase que ante as alegacións do alumno concedéuselle a readmisión condicionada ó cumprimento dos mínimos académicos que se establecen na convocatoria.

Q 0209/06

Queixa presentada sobre a emisión da Tarxeta Universitaria de Identidade.

O Sr. vicerrector de Economía e Financiamento da USC comunica o seguinte:

“En relación coa queixa presentada por D. ... e postos en comunicación coa oficina do Santander/Central Hispano, infórmolle que solicitou a tarxeta universitaria o 6/11/01, emitiuse o 28/11/01 e estaba pendente de recoller na oficina do SCH dende decembro de 2001.”

Q 0209/07

Presentada queixa por un estudante da USC en relación co envío dos sobres de matrícula.

Ademais da presente queixa formal foron numerosas as chamadas telefónicas recibidas nas que se deixou constancia da deficiente atención que presta ós estudantes a empresa á que a Universidade ten adxudicada a entrega dos sobres polo que *se solicitou a adopción de medidas en relación co problema.*

O Sr. secretario xeral da USC envía o seguinte informe do Xefe do Servicio de Xestión Académica:

“1.- A distribución levouse a cabo maioritariamente entre os días 26 de agosto e 14 de setembro, tal e como estaba previsto.

2.- O sistema de distribución consistiu na entrega no domicilio, facilitado á empresa pola universidade, con notificación en caso de ausencia, facilitando un número de teléfono 902 para concertar nova data de entrega.

3-- No caso de non poder concertar cita, efectuáronse ata 3 intentos de entrega.

4.- O número de entregas fallidas relaciónanse de seguido por provincia:

Provincia	Avisos de paso	Outros motivos	Total
A Coruña	1.319	1.578	2.897
Lugo	149	211	360
Ourense	41	86	127
Pontevedra	143	619	762
Total	1.652	2.494	4.146

Cabe sinalar, que o maior número de entregas fallidas produciuse na cidade de Santiago, entre 1600-1700, que se corresponden co enderezo non permanente que consta nos expedientes dos alumnos.

Os sobres non entregados foron devoltos ás UXA correspondentes.

5.- En canto ás principais queixas, das que se dou traslado reiteradamente ó Servicio de Correos como adxudicatario de Servicio, consistiron no emprego dun teléfono 902 para concertar nova entrega en caso de ausencia do domicilio. Este número correspóndese cunha liña de pago da que ademais se daban queixas polo seu mal funcionamento. Igualmente deuse traslado das queixas polo sistema de notificación no domicilio que consistía en pegar ás notificacións nas portas dos domicilios con adhesivos de difícil eliminación.”

Así mesmo envía copia dun escrito do Subdirector da Rede de Ventas de Correos e Telégrafos no que informa da corrección do deseño loxístico.

Q 0209/08

Presentada por un estudante en relación coa cualificación dunha materia e indicando que a profesora encargada da mesma non procedeu a corrixila cualificación errónea que figuraba na acta de xuño indicándolle ó presentador da queixa que a cualificación correcta aparecería na acta da convocatoria de setembro.

Dáse traslado ó Sr. decano da Facultade quen informa que se procedeu á modificación da cualificación na acta de exame da convocatoria de xuño.

4.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións e recomendacións de carácter xeral é necesario manifestar a rápida e eficaz colaboración da inmensa maioría dos órganos da universidade ós que lles foi solicitado informe, así como do importante grao de comprensión e aceptación daquelas suxestións e recomendacións que lles foron trasladadas.

Tamén é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, e do papel que a Comisión desempeña no funcionamento e na consolidación do Valedor da Comunidade Universitaria.

O desenvolvemento da sesión do Claustro celebrada o 18 de decembro de 2001 non fixo posible que se presentaran os informes dos cursos 1999/2000 e 2000/2001. Se ben os textos foron distribuídos e son coñecidos polos membros do Claustro e da Comunidade Universitaria, o cambio da composición do Claustro e a vixencia dalgunhas das conclusións aconsellan a reiteración na presente memoria das correspondentes ó Informe do curso 1999-2000:

1.- No informe correspondente ó curso anterior dicíase que a aprobación polo Claustro da Universidade do Estatuto do Estudiantado permite dispoñer dun documento fundamental para a garantía dos dereitos dos estudantes. Por outra parte a “Normativa para a avaliación docente dos estudantes”, aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade, na que se recollen aspectos tan importantes como a obrigatoriedade de facer públicos os programas das materias, as datas dos exames, os criterios a empregar na avaliación ou o dereito e o procedemento a seguir na revisión de exames, constitúe un valioso documento que sen dúbida contribuirá á mellora da calidade da docencia.

Durante o presente curso académico foi presentado á Xunta de Goberno da Universidade o documento “A calidade da docencia na Universidade de Santiago de Compostela”, elaborado pola Comisión para a Calidade da Docencia. No mesmo ofrécese recomendacións sobre tres tópicos que se consideraron como factores que inciden de forma directa na calidade docente:

- 1.- Información da universidade, acceso, acollida e asesoramento de alumnos.
- 2.- Programación docente.
- 3.- Actividades de ensinanza.

Respecto de cada un destes tópicos, a Comisión recomenda o deseño e posta en funcionamento de determinados planos de actuación e, coa finalidade de aseguralo seu desenvolvemento, suxire estas outras medidas:

- 1.- Crear un servizo de apoio e asesoramento.
- 2.- Asegura-la revisión e avaliación do proceso de mellora da calidade da docencia.

A pesar de dispoñer dunha normativa adecuada e dunha Comisión comprometida no proceso de mellora da calidade da docencia, como xa se ten indicado, son numerosas as consultas que fan os estudantes sobre cuestións relacionadas directamente coa calidade docente. Unhas veces as consultas están motivadas porque os estudantes descoñecen os seus dereitos, e outras porque, aínda coñecéndoos, teñen dificultades para que lles sexan recoñecidos.

É evidente que a Universidade ten que mellorar considerablemente o proceso de información, e comprometerse dun xeito máis activo no cumprimento das normas que ten aprobadas.

Para elo tal como se indica no mencionado Documento para a Calidade da Docencia é necesario que a Universidade incentive a implicación do profesorado de forma activa, e que ó inicio de cada curso se faga unha avaliación das normativas e acordos que tomen os distintos órganos da Universidade en relación coa mellora da calidade da docencia, así como do cumprimento de tales acordos e das melloras acadadas.

2.- Seguen dándose situacións nas que existe unha enorme diferenza tanto nos coñecementos impartidos como no nivel de esixencia entre os distintos grupos nos que se imparte unha mesma materia. En ocasións esta situación maniféstase a través dunha solicitude masiva de cambio de grupo que ás direccións dos centros lles resulta imposible conceder.

É necesario, por elo, recorda-la obrigatoriedade de cumprilo establecido no Regulamento de avaliación, e a responsabilidade dos órganos de goberno en facer que se cumpra.

3.- De acordo co artigo 16 das Directrices sobre avaliación do rendemento académico a COAP fará unha análise global e por centros dos resultados da avaliación dos estudantes, e ademais de poñer en marcha as medidas que poidan corrixi-las disfuncións ou problemas que se detecten, fará chegar ós centros e departamentos responsables as suxestións que considere oportunas (suxestións xerais, axuste do programa, cambio dos métodos de avaliación, etc.).

Por outra parte a Universidade dispón de información detallada das cualificacións para tódalas materias que se imparten, sen embargo non se fan públicas as conclusións da análise global.

É coñecida a existencia de materias nas que os resultados da avaliación son considerablemente diferentes dos resultados medios do resto das materias que compoñen o plano de estudos, o que pon de manifesto unha desviación importante entre os obxectivos previstos no plano de estudos e o nivel de coñecementos esixido para a superación da materia. Nestes casos é obrigado que a Universidade arbitre as medidas oportunas e leve a cabo, se é preciso, unha revisión da programación docente das materias.

4.- As bolsas de mobilidade de estudantes están aumentando considerablemente tanto en número como en diversidade, polo que a pesar do esforzo que está facendo a Universidade para mellora-la xestión, seguen sendo frecuentes as consultas relacionadas con este tipo de axudas. Son tres os aspectos nos que se centran as consultas e as queixas, aínda que non se plantexen formalmente:

- deficiente publicidade e transparencia na resolución dalgunhas convocatorias.
- non existencia, nalgúns casos, dun recoñecemento automático dos créditos cursados na Universidade de destino.
- dificultades á hora de contactar cos coordinadores dalgún programa.

5.- Resulta obrigado facer unha mención ós problemas plantexados nos procesos de implantación dos novos planos de estudos. En anteriores informes recollíanse os efectos da primeira renovación, que basicamente debíanse a que os estudantes obrigados a adapta-los seus estudos tiñan que cursar un número de créditos maior que os que lle faltaban para remata-los estudos nos planos vellos. A segunda renovación engade un segundo tipo de problemas, debidos, fundamentalmente, á obriga ou a conveniencia de unir dúas materias nunha cun maior número de créditos, coa consecuencia de que os estudantes nuns casos teñen superada só unha parte da nova materia, e noutros os créditos superados se lles adaptan por un número menor. Podo manifestar a miña convicción de que en tódolos casos se procedeu tratando de favorecer ós estudantes, pero non sempre se conseguiu. Por elo é necesario mellorar dous aspectos:

- mellora-lo proceso de información, transmitíndolles ós estudantes a transcendencia da adaptación e a necesidade de que cada un se informe da súa situación particular.
- mellora-la coordinación de tódolos órganos implicados no proceso, de tal xeito que todos eles dean a mesma resposta a idéntica pregunta.

6.- Son contadas as queixas, formalizadas ou non, que fan referencia á non impartición de clases nunha materia, pero só unha que se reciba obriga a que se recolla neste apartado. Por elo é necesario recordar que, independentemente das circunstancias, os departamentos e os órganos de goberno da Universidade de Santiago de Compostela teñen que dar resposta inmediata á ausencia dun profesor e garantir que a calidade da docencia impartida non sofre ningunha merma.

As queixas e consultas presentadas durante o curso 2001/2002 poñen de manifesto que algúns dos problemas que se acaban de indicar seguen sen ter unha solución satisfactoria, e fan necesario incidir noutros aspectos que se indican a continuación:

7.- A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun Estatuto do Estudiante e dunha Normativa para a Mellora da Calidade da Docencia dos que carecen a maioría das universidades españolas. Se ben o primeiro obxectivo que se pode ver nos mesmos é a necesaria garantía dos dereitos dos estudantes, non cabe dúbida que tamén constitúen un instrumento imprescindible para acceder a unha mellor formación dos nosos estudantes. Por iso tanto o coñecemento como o cumprimento dos mesmos constitúe un compromiso de tódolos membros da comunidade universitaria.

8.- A validación de estudos segue a ser un problema non resolto. A Universidade ten que ser consciente de que non se trata dun “simple” problema administrativo, senón dunha planificación dos estudos. Se os estudantes, cando inician os estudos, teñen unha información clara das materias que lles serán validadas noutras titulacións, poderán facer unha elección de materias que lles facilite a obtención dunha segunda titulación ou especialización.



9.- En relación con puntos anteriores é necesario facer unha recomendación relacionada coa información. En xeral, os membros da comunidade universitaria teñen unha deficiente información dos acordos que toman os órganos de goberno, mesmo daqueles que lles poden afectar directamente. Por iso é necesario que a Universidade centre esforzos en fomentala información, o que sen dúbida contribuirá a melloral a participación dos membros da comunidade universitaria na toma de decisións.

10.- Por último facer unha breve mención á convocatoria Fin de Carreira, que concentra un número significativo de queixas e que será obxecto dun próximo informe.

5.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	63	⇒ 132 reclamantes.
Estudiantes:	57	⇒ colectivas: 12
Docentes:	3	⇒ colectivas: 0
P.A.S.:	3	⇒ colectivas: 0



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 00/01	Curso 01/02
Outubro	9	7
Novembro	12	11
Decembro	7	2
Xaneiro	3	8
Febreiro	3	4
Marzo	4	6
Abril	2	4
Maio	5	2
Xuño	4	6
Xullo	5	5
Agosto	0	0
Setembro	6	8
Total curso	60	63


n° de queixas recibidas por curso



ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS


Total queixas recibidas	63	
Non admitidas	2	⇒ 3%
Tramitadas:	52	⇒ 83%
Pendientes:	9	⇒ 14%

Estado de tramitación das Queixas



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	52	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	23	⇒ 45%
2 Meses:	12	⇒ 23%
3 Meses:	7	⇒ 13%
> 4 Meses:	10	⇒ 19%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
ACCESO A DOCUMENTACIÓN / INFORMACIÓN	3
PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS	2
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	2
RELACIÓNS INTERPERSOAIS	1
PLANOS DE ESTUDIO E VALIDACIÓNS	5
DEREITOS E DISCRIMINACIÓNS	7
AVALIACIÓN ACADÉMICA	9
DOCENCIA	6
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	14
SAÚDE PÚBLICA	1
SERVICIO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	2
SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	8
PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	1